UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CORRECCIÓN DE ERROS

Resolución reitoral do 7 de febreiro do 2019, pola que se corrixen erros advertidos na Resolución do 30/01/2019 da Universidade da Coruña, polo que se convoca ao profesorado contratado temporal e funcionario interino para os efectos de recoñecemento do compoñente por méritos docentes (quinquenios)

Advertidos erros na Resolución do 30/01/2019 da Universidade da Coruña, polo que se convoca ao profesorado contratado temporal e funcionario interino para os efectos de recoñecemento do compoñente por méritos docentes (quinquenios) (Sede Electrónica do 31/01/2019), esta Reitoría ao amparo do previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), procede a súa rectificación nos seguintes termos:

No último parágrafo da disposición 1, onde di:

Este profesorado poderá someter a avaliación da súa actividade docente realizada en organismos públicos ata o 31 de decembro de 2018, en períodos de 5 anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou períodos equivalentes se prestaron servizos en réxime de dedicación a tempo parcial. A docencia impartida a tempo parcial computarase aplicándolle un coeficiente redutor do 0,5 á hora de determinar a equivalencia.

Debe dicir:

Este profesorado poderá someter a avaliación da súa actividade docente realizada en organismos ata o 31 de decembro de 2018, en períodos de 5 anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou períodos equivalentes se prestaron servizos en réxime de dedicación a tempo parcial. A docencia impartida a tempo parcial computarase aplicándolle un coeficiente redutor do 0,5 á hora de determinar a equivalencia.

No segundo parágrafo da convocatoria, onde di:

"...conforme a Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes (Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificada por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006)..."

Debe dicir:

"...conforme a Normativa de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes (Aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001 e modificada por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 30 de xaneiro de 2019)..."

Estas correccións non supoñen a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes.

O reitor
PD (RR 12/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 1JA7U4RH9NF81VJARO082RBF
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 07/02/2019 14:58:34 Página 1 de un total de 1 página(s).

Código Seguro De Verificación	0gx8/Pp4Ipl9r5Q7AmDr2g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	07/02/2019 10:54:03
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0gx8/Pp4Ipl9r5Q7AmDr2g==		